

CURSO: 4º ESO

MATERIA: XEOGRAFIA E HISTORIA

1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

A) Competencias

- 1.- COMPETENCIA DIXITAL
- 2.- APRENDER A APRENDER
- 3.- COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS
- 4.- SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR
- 5.- CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIAS

B) Estándares e Criterios de Avaliación

ESTÁNDARES

*Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.

*Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables.

*Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.

*Coñece obras e legado de artistas e científicos da época do Barroco en Europa e España.

* E quen de analizar as obras máis importantes do Barroco.

*Establece a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo

*Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración

*Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época

*Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías

* Enumera a lo menos catro científicos e os avances que acadou no seu campo

*Diferencia a grandes rasgos as obras artísticas do século XVIII. É quen de analizar a obra de Goya e o seu significado.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.

☑ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.

B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado

B3.8. Coñecer a importancia da arte barroca en Europa e en América.

B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico

B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América

B1.3. Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII.

B1.4. Coñecer as manifestacións artísticas de finais do s.XVIII en especial a obra de Goya

<p>*Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras.</p> <p>* Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras.</p> <p>*Explica a Guerra da Independencia en España así como a obra das Cortes de Cádiz</p> <p>* Comprende o proceso de unificación de Italia e Alemania, así como a independencia das colonias españolas en América.</p> <p>* Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.</p> <p>* Explica a situación laboral tanto dos homes como feminina e infantil nas cidades industriais e os inicios do movemento obreiro.</p> <p>* Distingue entre Socialismo e Anarquismo e identifica ós seus principais pensadores.</p> <p>* Define imperialismo e enumera as potencias europeas que o protagonizaron así como as áreas do planeta que o sufriron. Identifica como unha das causas do desenvolvemento desigual actual o sistema colonial .</p> <p>* Expón causas do colonialismo e consecuencias, incluída a I guerra mundial</p> <p>* Describe os acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.</p> <p>*Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial</p> <p>*Analiza o novo mapa político de Europa.</p> <p>*Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados</p> <p>* Fai un relato sobre a Revolución Rusa, as súas causas,</p>	<p>B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.</p> <p>B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal.</p> <p>B3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais.</p> <p>B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que levou consigo.</p> <p>B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX</p> <p>B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.</p>
--	--

<p>consecuencias e repercusión no mundo actual.</p> <p>*Diferencia obras artísticas do romanticismo, realismo así como da Arquitectura no século XIX. Coñece ós principais artistas.</p> <p>* Explica a transformación da arte co impresionismo e postimpresionismo. Identifica ós principais artistas e varias das súas obras.</p> <p>* Identifica os “felices anos 20” e as causas que conduciron ó crack do 29.</p> <p>* Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo e réxime nazi en Europa, así como as características dos mesmos e as consecuencias para as liberdades e a vida das persoas.</p> <p>*Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.</p> <p>* Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.</p> <p>*Define a guerra fría e explica o mundo dividido en bloques</p> <p>* Explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría e as repercusión no mundo actual.</p> <p>* É quen de facer un esquema da historia de España durante o século XIX</p> <p>* Fai un relato das tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil</p> <p>* Explica a situación da posguerra e as fases da ditadura</p>	<p>B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.</p> <p>B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa, así como a Abstracción.</p> <p>Relacionar a transformación artística cos acontecementos históricos e co desenvolvemento científico e tecnolóxico</p> <p>B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época</p> <p>B5.2. Analizar as causas do auxe do fascismo en Europa e explicar os rexímenes de Mussolini e Hitler e as súas consecuencias</p> <p>B6.1. Coñecer as causas da II Guerra Mundial.</p> <p>B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.</p> <p>B6.3. Entender o contexto no que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias</p> <p>B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto da época posterior a 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.</p> <p>B6.5. Explicar a grandes resgos evolución política de España no século XIX</p> <p>B7.3. Explicar tensións que levaron a proclamación da II República e á Guerra civil.</p> <p>B7.4 Coñecer as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando desde 1939 a</p>
--	---

<p>franquista</p> <p>* Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS</p> <p>* Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc</p> <p>AMPLIACIÓN EN CASO DE TEMPO:</p> <p>*Coñecer as transformacións artísticas das vangardas e a arquitectura do s. XX</p>	<p>1975.</p> <p>B.8.2.-Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas.</p> <p>B8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975.</p>
--	---

2.- Avaliación e cualificación.

Avaliación:

Valorarase o esforzo, adicación, interese, regularidade e puntualidade na entrega dos traballos.

Se o alumnado se esmerou e entregou todo o que se esixiu calificarase cun 1 punto (que correspondería a un 10) á 3ª avaliación. O punto sufrirá descontos caso de que o esforzo non fora regular ou o traballo non estea completo.

Cualificación Final:

A avaliación será resultado da media aritmética da 1ª e 2ª avaliacións ó que se engadirá a puntuación da 3ª avaliación. Esta obtense do traballo enviado polo alumnado no cal se terá en conta o esforzo, adicación, interese e regularidade.

O alumnado que non presentou traballos na 3ª avaliación como resultado de problemas para desenvolver os medios de comunicación telemática terá unha cualificación final da media da 1ª e 2ª avaliación

O alumnado que non presentou traballos na 3ª avaliación sen xustificación, o mesmo, por imposición, aínda que os membros do departamento non comparten esta resolución.

Alumnado coa materia pendente:

Ó longo do curso se entregou ó alumnado con Xeografía e Historia pendente de 3º un boletín de exercicios (un correspondente á primeira avaliación e outro á segunda) O da segunda ningún pendente ó entregou, (desde logo non foi por falta de tempo) así que se colgaron en EDIXGAL actividades (ficha de clase a encher con power point) correspondentes á segunda avaliación e exercicios da terceira, que o alumnado debe entregar a través do correo electrónico.)

Cualificación: Entrega dos exercicios correspondentes a 1ª, 2ª e 3ª avaliacións. Valorarase en especial os da 1ª e 2ª, coas cales se obtén o aprobado.

Proba extraordinaria de setembro:

Criterios de Avaliación

Farase unha proba onde se introducirá materia procedente dos estándares das 1ª e 2ª avaliacións. Ademais deberán presentar os traballos correspondentes a 3ª avaliación.

Estes últimos engadiráanse á puntuación obtida na proba.

3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

O noso departamento, tendo en conta a natureza da materia de Xeografía e Historia acordou avanzar materia a través de actividades como exercicios ou fichas que deben completar utilizando diversos medios: power point, libro de texto, cuestionarios...

O alumnado ten a posibilidade de recuperar a 1ª e 2ª avaliacións cubrindo exercicios e fichas de clase correspondentes as primeiras avaliacións, e asimesmo deberán completar ó correspondente á terceira.

A profesora está disposición do alumnado a través de Agueiro, correo electrónico e teléfono mobil con grupos de wasap a través dos cales resolve dúbidas e proporciona información de todo tipo sobre a actividade académica.

Asimesmo para os suspensos na 1ª e 2ª avaliacións envíanse tarefas de recuperación a través de AGUEIRO

O contido da 3ª avaliación varía segundo o grupo A, B e C

Grupo A: Comeza co século XX: A revolución Rusa

Grupo B: Comeza coa situación social e política no século XIX.

Grupo C: Comeza coa Revolución industrial e os inicios do século XIX

4.- Información e publicidade.

A información das actividades do departamento de Ciencias Sociais está exposta en Aqueiro aínda que tamén utilizamos o correo electrónico para poñernos en contacto co alumnado e para que eles se así o desexan envíen traballos. Creouse asimismo un grupo de wasap coa profesora en 4º A,B e C para información e resolución de dúbidas e problemas.

Comunicación coas familias por teléfono móbil e móbil Abalar.

Páxina web do centro

5.-Materiais e recursos:

Libro de texto como consulta, fichas de clase, exercicios e power point de elaboración propia. Vídeos de elaboración propia e youtube.

Todo o alumnado dispón de conectividade.